

Acta Asemblea en Común ordinaria

Data: Mércores 1 Xullo

Lugar: Edificio de Ferro Campus Universitario

Hora: 20h

1.) Informe dos Grupos de Traballo

GT Apertura

Dáse conta das diferentes reunións tidas dende a anterior asemblea e que poden consultarse mediante actas penduradas na páxina web de Ourense en Común. O GT tivo encontros co PSdeG-PSOE de Ourense, representación dos bombeiros municipais e profesorado do Portovello.

O grupo actualmente atópase elaborando un calendario de encontros de barrio e con diferentes colectivos e organizacións. Asemade estase avanzando na organización dunha xornadas de apertura e da creación do grupo de converxencia dentro da iniciativa Salvemos OUEC.

Preténdese convocar na primeira semana de setembro unha reunión con outras candidaturas municipalistas da provincia en Carballiño. Asemade infórmase do encontro a celebrar na Asociación Cultural Andén número 1 e dun convite da Coral de Ruada.

Rogos ao grupo: Solicítase o envío dunha carta e/ou correo-e a todo tipo de asociacións da cidade para presentar OUEC e poñer ao GT Institucional ao seu servizo.

GT Legal e Finanzas

Dáse conta do Estado das Encomendas: Microcréditos, Local, Contas, Seguro de Responsabilidade Civil ... Todo está paralizado ata a reconfiguración das contas e de que se reciban os ingresos correspondentes. Preséntase a posibilidade de alugar un local e confírmase que o grupo traerá unha proposta futura máis ou menos pechada á asemblea.

Rogos ao grupo: Consultoría sobre o *Deber de guardar sigilo dos Integrantes do GT Institucional*

GT Mediación

Dáse conta do Estado das Encomendas: Protocolos de Sancións, expulsións e Toma de Decisións nas que o grupo atópase actualmente traballando. Asemade preséntase a reflexión dun dos integrantes sobre Democracia Rea que deberá ser analizada no contexto doutra asemblea monográfica como proposta específica.

Desbótase unha proposta de modificación do apartado 3.4 do Código Ético de Ourense en Común.

Nota: contacto mediante correo electrónico en cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

GT Comunicación

Dáse conta do Estado das Encomendas: Protocolo de comunicación, actualmente parado por falta de persoas activas neste grupo.

Debátense varias propostas chegadas por diferentes canles de comunicación eponse en evidencia a necesidade dun obradoiro formativo sobre estrutura, ferramentas e protocolos de OUEC. Unha encomenda que ten pendente o GT Coordinación.

Infórmase do nomeamento de voceiras alleas ao GT Institucional, tal e como recolle o Código de Boa Gobernanza. Propúxose a 4 persoas e soamente unha contestou favorablemente.

GT Institucional

Dáse conta dos acordos e resultado do Pleno de Constitución do luns 29/06/2015 que pode ser consultado integramente aquí: <http://ourenseencomun.info/pleno-constitucion/>

Dáse conta tamén da reunión do propio GT Institucional do martes 30/06/2015 na que se chegaron aos seguintes acordos: reparto das parcialidades propostas polo grupo de goberno (Martíño e Leticia), reparto de comisións e xuntas que pode ser consultado aquí: <http://ourenseencomun.info/cargos-electos/>

Preséntase a orde do día do próximo pleno ordinario do venres 03/06/2015 no que agás un punto o resto son postas en coñecemento, especialmente os decretos dos meses de maio e xuño (1600 follas en papel) polo que se solicitou ao Secretario o envío desta documentación en formato dixital e coa que se pretenderá implementar unha ferramenta de participación, fiscalización e transparencia sen caer en conflito coa Lei de Protección de Datos.

Infórmase da moción a presentar no vindeiro pleno que pode ser consultada aquí: <http://ourenseencomun.info/mocion-pleno-ordinario-xullo/> Con todo, e por mor da figura de Mocións de Urgencia, o GT Institucional namentres non se implementen outras ferramentas para respostas de urxencia non poderá consensuar coa Asemblea en Común con antelación polo que terá que tomar decisións en base ao Código Ético e o Programa Participativo se aparecen recollidos, e en caso contrario abstención.

Rogos ao grupo: Inclusión de preguntas e rogos relacionadas co acontecido na Casa de Reza.

Debátense varias propostas referidas aos criterios de selección de persoal de libre designación encomendando ás diferentes persoas redactoras a presentar unha proposta común na vindeira asemblea.

GT Coordinación

Dáse conta da solicitude de modificación de varios documentos constituíntes que de novo poñen en evidencia a necesidade dun obradoiro formativo sobre estrutura, ferramentas e protocolos de OUEC. Unha encomenda que ten pendente o GT Coordinación e na que se traballará de cara a volta de vacacións.

GT Relato e Análise

Dáse conta do acordo do grupo para relanzar a mesa sectorial de urbanismo debido á importancia estratéxica desta área a nivel municipal e porque marcou o final da lexislatura anterior co caso da casa de Reza. Tamén se informa que se pretende reestruturar algunhas mesas en relación ás áreas do concello.

Nota: contacto mediante correo electrónico en cordinacion-ourense-en-comun@googlegroups.com

Os primeiros puntos a traballar serán a concesión de transporte e o contrato de limpeza e recollida de lixo, así como as axudas da Xunta para os obradoiros laborais que farán traballos na marxe dereita do río Miño e dos que non existe información a día de hoxe.

No referido a encomenda lanzada no pasado respecto ao GT Acción Directa decídese que este funcionará mediante o lanzamento de propostas e despois conformaranse subgrupos de traballo formados por xente de OUEC que domine os temas específicos.

2.) Varios

Convite dende a AC Carneiro Alado de Lugo para asistir a un encontro de Mareas

3.) Próxima asemblea ordinaria

A próxima asemblea ordinaria será convocada polo GT Coordinación seguindo os protocolos na semana do 13 ao 19 de xullo.

Levántase a sesión